

Síguenos en



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

abril – xuño 2015

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

NOVOS ESPAZOS

A nosa Biblioteca medra en número de usuarias/os e fondos, pero non en espazo, para adaptarnos ás novas necesidades poñemos en funcionamento estas tres salas :

1. **Sala de formación continuada**, para pequenos grupos de usuarias/os.



Cada vez é maior a demanda de formacións en recursos de información, ferramentas de xestión, avaliación da produción científica... Con este espazo podemos formar a pequenos grupos dentro da propia biblioteca. Contamos con pantalla de proxección, proxector... e persoal especializado.

2. **Espazos de traballo individual**. Ante o aumento dos traballos de grupo das distintas disciplinas, a Biblioteca precisaba un espazo para aqueles que precisen un lugar de silencio total para lectura ou estudo.



3. **Sala de cine**. Nesta sala está toda a colección de películas da Biblioteca. Ademais conta cunha mesiña e cadeiras por se queredes utilizar o voso portátil para botar una ollada.



Estos espazos súmanse aos xa existentes: sala de traballos en grupo e Recuncho de lectura.

ALFIN

No pasado trimestre finalizamos os cursos para o alumnado de TFG, semipresenciais, utilizando a plataforma Moodle, cun total de 120 persoas formadas.

Durante os meses de maio e xuño haberá formacións relacionadas coa visibilidade e impacto das publicacións, e a identificación de autor/a, informaremos cando estea a convocatoria.

Lembramos que podedes solicitar formacións na Biblioteca tanto para docentes e investigadores como para o alumnado e PAS.

No blogue da biblioteca, no Facebook e no twitter imos publicitando as distintas sesións programadas.

Identificador de autor/a: creación dun perfil de investigador

Sempre debemos buscar a visibilidade do noso traballo e para iso é fundamental a creación dun perfil de investigador/a, moi importante tamén de cara á avaliación da produción científica.

Hai dúas guías fundamentais para a normalización do nome:

FECYT: [Propuesta de manual de ayuda a los investigadores españoles para la](#)

[normalización del nombre de autores e instituciones en las publicaciones científicas](#)

UDC: [Directrices e recomendacións de filiación institucional para publicacións de investigación da UDC.](#)



Na Facultade de Ciencias da Educación, dos 126 investigadores/as, 99 teñen creado un perfil nalgunha plataforma, e 5 deles nas catro principais.

Onde podemos crear un perfil de investigador?



ORCID (Open Researcher and ContributorID) é un proxecto aberto, global e sen ánimo de lucro e multidisciplinar que proporciona un identificador único e persistente para autores do ámbito científico e académico.

RESEARCHERID ResearchID, é un produto gratuito de Thomson & Reuters que está asociado aos seus produtos, entre eles á WOS. Como Orcid, permítenos crear un identificador único de investigador/a e proporciona información sobre as publicacións do autor/a, tamén incide h...



Scopus Author Identifier: Produto de Elsevier para a normalización dos nomes de investigadores. Permite asignar un identificador a todas/os autores/as que teñen documentos indizados en Scopus.



Google Scholar Citations. Produto de google. Para ter un perfil só é preciso ter unha conta de google e a partir de aí poderemos ir engadindo as nosas publicacións. Permítenos ver o noso índice h e índice i10.



IraLis, International Registry for Authors Links to Identify Scientists.

Hai outras ferramentas para construír perfís de investigador/a, ferramentas das redes sociais (Almetrics) como é o xestor de referencias Mendeley, a rede LinkedIn ou ResearchGate onde se poden engadir as publicacións, datos de contacto, empresas e institucións nas que se desenvolve a investigación, intereses, webs...

EXPOSICIÓNS.

[Sala, peceiras de creatividade e Recuncho de lectura](#)

Exposición de Teresa Candal. Acuarelas, cunha serie moi interesante sobre Rosalía de Castro, cunha interpretación plástica dalgúns dos seu poemas.



Datas: maio - xuño 2015
Lugar: Recuncho de lectura

Web:
<http://teresacandal.com>




Coincidindo e colaborando co festival Marea alta na Facultade, teremos na Biblioteca algunha das obras de **Xosé Manuel Barros Hermida**, da asociación Mar de fábula, que traballa con crebas, refugallo do mar, que transforma en fermosos barcos e "criaturas caóticas".
<http://www.mardefabula.org/es>

Con motivo destas xornadas, nas nosas peceiras de creatividade temos unha mostra sobre a contaminación dos océanos, e a poesía do mar.

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



A lectura actual do clube é *Pensa não*, de Anxo Angueira, premio Xerais de novela 1999. Nela, Anxo relata a vida dos habitantes de Sermanselle, aldea de Dodro vello, durante o tempo da II República.



Encontro literario co autor, **Anxo Angueira**.

Data: 7 de maio, ás 17 h

Lugar: Recuncho de lectura

Como xa sabedes, o clube está aberto a toda a comunidade universitaria, é virtual, a través do noso blogue, e podedes participar nos encontros que vos interesen. Conta coa colaboración de Juan José Bueno Aguilar, que leva o cineclube. Coordina o clube: Inma Doval Porto. Ten axuda económica do SNL da UDC.